

DOMINGO 19 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Sab 18, 6-9

Co mesmo feito co que castigabas os adversarios déchesnos sona convocádonos a ti.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA SABEDORÍA

Aquela noite fóralles anunciada de antemán aos nosos pais de modo que, sabendo de certo a que promesas deran creto, se sentisen fortes.

O teu pobo estaba xa á espera da salvación dos xustos e do exterminio dos inimigos; co mesmo feito co que castigabas os adversarios déchesnos sona convocádonos a ti.

Ás agachadas facían sacrificios os piadosos fillos dos xustos e, postos de acordo, impuxeron esta divina lei:

que os santos compartisen por xunto os bens e os perigos -ao tempo que xa entoaban os himnos dos antepasados-.

SALMO RESPONSORIAL Sal 32, 1 e 12. 18-19. 20 e 22

R/ (12b): Feliz o pobo que o Señor elixiu como herdade.

Alegrádevos, xustos, no Señor:
aos rectos acáelles a louvanza.
Feliz a nación que ten a Deus por Señor,
o pobo que El elixiu como herdade.

Os ollos do Señor miran polos seus fieis,
polos que esperan na súa misericordia,
para librar a súa vida da morte,
para os manter no tempo da miseria.

Nós agardamos o Señor:
El é o noso socorro, o noso escudo.
Veña a nós, Señor, a túa misericordia,
como de ti o esperamos.

SEGUNDA Heb 11, 1-2. 8-19 (longa)

Agardaba aquela cidade da que o arquitecto e construtor é Deus.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

A fe é un anticipo do que se espera, é unha proba convincente das cousas que non se ven. Pois por mor dela Deus testemuñou a favor dos nosos devanceiros.

Pola fe sabemos que a palabra de Deus creou o mundo e así o que se ve é resultado do que non se ve.

Movido pola fe, Abel ofreceu a Deus un sacrificio mellor que o de Caín, e por mor dela deuse fe da súa rectitude; foi Deus quen deu fe dela por mor dos seus dons; e por mor da fe, anque xa morto, aínda segue falando.

Pola súa fe a Henoc levárono desta vida, para non ter que sufrir a morte: Xa non se atopaba porque o levara Deus. Xa antes de falar do seu traslado déixase testemuño de que Deus estaba moi contento con el. Pero sen fe é imposible que un lle agrade a Deus, pois quen quere achegarse a Deus precisa crer que El existe e que recompensa aos que o buscan.

Movido pola fe, Noé, en recibindo de Deus ordes sobre cousas que aínda non se ollaban, respectuoso con Deus, construíu unha arca para salvar a súa familia; co seu exemplo de fe condenou a conduta do mundo e fíxose herdeiro da xustiza que dá a fe.

Deus chamou por Abraham, e este, movido pola fe, obedeceuno, saíndo para un lugar que había de recibir en posesión, aínda que saíu sen saber onde ía. Movido pola fe, emigrou á terra prometida, como se fose terra allea, habitando en tendas de campaña con Isaac e Xacob, herdeiros da mesma promesa. A verdade é que agardaba aquela cidade con bos cimentos, da que o arquitecto e construtor é Deus.

Pola fe e por considerar merecente de fe ao que lle prometera descendencia, el, aínda que estaba fóra da idade axeitada e aínda que a mesma Sara era estéril, recibiu poder para fundar descendencia. Deste xeito dun só e xa caduco para estas cousas naceu un mundo de fillos, coma as estrelas do ceo e coma a area incontable da beira do mar.

Coa fe morreron todos estes, sen chegaren a conseguir as promesas pero albiscáronas e saudáronas desde lonxe e confesaron que eles só eran estranxeiros e peregrinos nesta terra. Ao diciren estas cousas, daban a entender que degoiraban unha patria. Pois se lles acordaba aquela patria de onde saíran, estaban a tempo de se voltaren. Pero máis ben suspiraban por outra patria mellor: a celestial. Por iso Deus non se avergonza de que o chamen o seu Deus, xa que lles preparou unha cidade.

Pola fe Abraham, posto a proba, ofrendou a Isaac, o que recibira de Deus as promesas, cando se lle dixo: "por Isaac terás descendencia": ofrendou o seu único fillo, pensando que Deus é poderoso, incluso para resucitar de entre os mortos. Por esa fe súa tamén o recobrou coma un misterioso símbolo.

SEGUNDA Heb 11, 1-2. 8-12 (máis breve)

Agardaba aquela cidade da que o arquitecto e construtor é Deus.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

A fe é un anticipo do que se espera, é unha proba convincente das cousas que non se ven. Pois por mor dela Deus testemuñou a favor dos nosos devanceiros.

Deus chamou por Abraham, e este, movido pola fe, obedeceuno, saíndo para un lugar que había de recibir en posesión, aínda que saíu sen saber onde ía. Movidoo pola fe, emigrou á terra prometida, como se fose terra allea, habitando en tendas de campaña con Isaac e Xacob, herdeiros da mesma promesa. A verdade é que agardaba aquela cidade con bos cimentos, da que o arquitecto e construtor é Deus.

Pola fe e por considerar merecente de fe ao que lle prometera descendencia, el, aínda que estaba fóra da idade axeitada e aínda que a mesma Sara era estéril, recibiu poder para fundar descendencia. Deste xeito dun só e xa caduco para estas cousas naceu un mundo de fillos, coma as estrelas do ceo e coma a area incontable da beira do mar.

ALELUIA Mt 24, 42a. 44

Vixiade e estade preparados porque na hora que non sabedes ha vir o Fillo do home

DOMINGO 19 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 12, 35-40 (máis breve)

E vós, estade preparados

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

Tede posta a roupa de traballo e as lámpadas acesas; sédeme coma os que agardan que volva o seu amo da voda, para que, cando chegue e chame, lle poidan abrir. Ditosos os criados a quen o amo atope agardando cando chega. Tede por certo que poñerá a roupa de traballo, sentaraos na mesa e serviraos un por un. Sexa pola anoitecida ou sexa pola alborada, se os atopa así, felices eles.

Entendede ben: se o dono da casa soubese a que hora vai chegar o ladrón, non permitiría que lle asaltasen a casa.

Así tamén: estade vós preparados, porque á hora menos pensada ha vir o Fillo do Home.

DOMINGO 19 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 12, 32-48 (longa)

E vós, estade preparados

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

Tede posta a roupa de traballo e as lámpadas acesas; sédeme coma os que agardan que volva o seu amo da voda, para que, cando chegue e chame, lle poidan abrir. Ditosos os criados a quen o amo atope agardando cando chega. Tede por certo que poñerá a roupa de traballo, sentaraos na mesa e serviraos un por un. Sexa pola anoitecida ou sexa pola alborada, se os atopa así, felices eles.

Entendede ben: se o dono da casa soubese a que hora vai chegar o ladrón, non permitiría que lle asaltasen a casa.

Así tamén: estade vós preparados, porque á hora menos pensada ha vir o Fillo do Home.

Díxolle Pedro:

-Señor, a parábola que acabas de contar vai por nós ou por todos en xeral?

Contestoulle o Señor:

-Quen é, logo, o administrador fiel e prudente, a quen o seu señor encargará o coidado de dar no seu tempo a ración de trigo á servidume? ¡Ditoso o criado aquel, a quen o seu amo, cando chega, o atopa cumprindo coa súa tarefa!. Tede por seguro que lle encomendará toda a facenda.

Pero se o criado aquel di para si: "O amo aínda non vén para agora" e empeza a mallar nos criados, comendo e bebendo ata se emborrachar; o día menos pensado e á hora máis imprevista, chegará o amo do criado aquel, e botarao fóra cos infieis. O criado que, coñecendo as vontades do amo, non ten todo preparado nin feitas as cousas como a el lle gustan, levará moitos paus; pero o que non os coñece, aínda que faga algo que mereza castigo, levará poucos. A quen moito se lle dá, moito se lle esixirá; e a quen moito se lle confía, moito se lle pedirá.